

ANEXO I
I CONCURSO DE ADORNOS DE NADAL
NADAL 2020

O obxectivo deste concurso é contribuir a crear un ambiente festivo na tradicional festa do Nadal, polo que se convoca o primeiro Concurso de adornos de Nadal en balcóns e fiestras.

Participantes: Todas as persoas do termo municipal do Concello de Mugardos que o desexen previa inscrición no mesmo, coa única condición que a decoración poda ser visible dende a rúa, e a temática e motivos ornamentais estén relacionados co Nadal.

Inscricións: As inscricións presentaranse no rexistro de entrada do Concello de Mugardos, de luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas, ou por calquera dos medios establecidos no Artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de inscrición será dende o día seguinte á publicación da convocatoria no BOP ata o mércores 23 de decembro, inclusive.

A participación será gratuita.

Desenvolvemento: Os balcóns e fiestras deberán estar adornados o día 24 de decembro e permanecerán ata o día 8 de xaneiro, ambos inclusive.

Todos os elementos utilizados para a decoración deixanse á libre elección das persoas participantes, deberán estar perfectamente anclados os elementos colgados que poidan preciparse por efecto do vento, sin que a súa ubicación poña en risco a seguridade, facéndose responsable a persoa inscrita no concurso de calquera accidente orixinado pola caída dalgún elemento á vía pública.

Valoración: Para a valoración dos elementos decorativos de Nadal o Xurado terá en conta:

- Deseño
- Orixinalidade
- Utilización de recursos reciclados ou da natureza

Unha vez recibidas as comunicacións de participación, o Concello comprobara que se colocou o adorno, xa que temos que ter en conta que ao estar ao aire libre, as condicións meteorolóxicas poden estragao antes da data do fallo.

Xurado: Constituirase un Xurado presidido polo alcalde ou persoa en quen delegue e formarán parte del a concelleira de Cultura ou persoa en quen delegue, a animadora sociocultural e poderá contar con asesores externos se o considera oportuno, actuara de secretaria a administrativa do Departamento de Cultura. A composición farase pública con anterioridade á súa reunión.

A decisión do xurado será inapelable.

O fallo farase público o 31 de decembro.

A gañadora ou gañador será notificado/a por teléfono.

Premio: Haberá un único gañador/a que será obsequiado/a cun premio, non metálico.

Mugardos, decembro 2020